



ASOCIACION
DE COMERCIANTES
Y EMPRESARIOS
DEL CALVARIO

San Roque 109 Int. Local 14
36205 Vigo
Tf: 986 27 45 45
www.aceca-vigo.com

O QUE CONTAS , DESCONTA



“CALVARIO, CCA” a través da súa entidade xestora ACECA (Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario), con domicilio en San Roque 109 Interior local 14 , CIF G36661536 organiza la Promoción “Lo que cuentas , con descuento”.

I- PRAZO DE PARTICIPACIÓN: Dende o 25 de Setembro ata o 3 Outubro de 2026.

II - FUNCIONAMENTO: O cliente que efectúe unha compra e / ou servizo , accede a scanear un código QR , situado nunha parte visible indicado por cada establecemento adherido á promoción . Esta acción, permite o cliente valorar a atención prestado e / ou comunicar a súa opinión , suxerencia sobre a experiencia de compra ou servizos recibidos , posteriormente solicítaselle un correo electrónico no que recibirá un desconto na súa próxima compra , nos establecementos adheridos a esta promoción.

III- PREMIO: Consistirá nun desconto dun 10% en compras e / ou servizos prestados superiores a 30,00 euros (trinta euros) polos establecementos participantes na promoción.

CALVARIO
centro comercial aberto



IV- ESTABLECEMENTOS COLABORADORES:

Serán os que se identifiquen perfectamente visiblemente e inequivocamente coa identificación deseñada o efecto.

V- LIMITACIONES / OU EXCEPCIONES :

Se se evidenciase que calquera dos clientes / usuarios non cumpre cos requisitos esixidos nas Bases, ou os datos proporcionados non fosen válidos, a súa participación considerárase nula e quedarán automaticamente excluídos da Promoción, perdendo todo dereito sobre os premios outorgados en virtude desta Promoción.

O desconto non será susceptible de cambios, alteracións ou compensacións a pedimento dos clientes /usuarios , non podendo ser trocado por un produto, artigo nin por diñeiro en efectivo.

O desconto non será acumulable a outras promocións , descontos , rebaixas vixentes no establecemento .

Non será de aplicación os descontos a artigos /produtos / ou servizos que teñen un prezo fixado por lei (expresamente Tabacos , Medicamentos).

O desconto aplicable calcularase sobre o montante total da compra ou servizo.

Unicamente será canxeable un descontó por correo electrónico facilitado.

En calquera caso o establecemento adherido a esta promoción será o responsable en caso de incidencia relacionada co desconto aplicable , sen que a Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario – Calvario CCA , incorra nalgún tipo de responsabilidade.



**ASOCIACION
DE COMERCIANTES
Y EMPRESARIOS
DEL CALVARIO**

San Roque 109 Int. Local 14
36205 Vigo
Tf: 986 27 45 45
www.aceca-vigo.com

VI . RECEPCIÓN DE COMENTARIOS U OPINIONS

A Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario será a receptora das opinións e cuestións que permiten ao cliente acceder ao seu Vale Desconto. Reservándose o dereito para dar traslado ao establecemento ou empresa obxecto do comentario ou opinión a condición de que sexa susceptible de favorecer a xestión do propio establecemento, e en ningún caso faranse públicas.

En calquera caso , non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere inadecuado, que sexan ofensivos, inxuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

VII- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A Empresa responsable do tratamento dos seus datos é ASOCIACION DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO CALVARIO -CALVARIO CCA , con domicilio en San Roque 109 Interior Local 14 -36205 Vigo (Pontevedra). CIF G36661536 e de conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, cada participante, coa aceptación destas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación nesta promoción sexan incorporados a un ficheiro titularidade de ASOCIACION DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO CALVARIO -CALVARIO CCA para tramitar a participación na promoción .

San Roque 109 Int. Local 14
36205 Vigo
Tf: 986 27 45 45
www.aceca-vigo.com



ASOCIACION
DE COMERCIANTES
Y EMPRESARIOS
DEL CALVARIO

San Roque 109 Int. Local 14
36205 Vigo
Tf: 986 27 45 45
www.aceca-vigo.com

Informámoslle que os seus datos persoais de contacto serán utilizados para a seguinte finalidade

-Envío de promocións , campañas e actuacións promovidas desde a nosa entidade.

Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de Protección de Datos mediante a utilización de ferramentas de seguridade, non podéndose responsabilizar á Asociación de Comerciantes e Empresarios do Calvario – Calvario cca , de subtraccións, modificacións ou perdas de datos ilícitas.

Os Participantes teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, opoñerse ao tratamento dos seus datos e solicitar o seu portabilidade. Os Participantes poden exercer todos estes dereitos na seguinte dirección de email administracion@aceca-vigo.com indicando, o motivo da súa petición.

VIII- ACEPTACION DAS BASES: Os participantes polo mero feito de participar na presente promoción, aceptan as bases da promoción.

Bases que poden ser consultadas na páxina web www.aceca-vigo.com

CALVARIO
centro comercial aberto